

FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 4 DLX
------------------------	--	--------------	--	---------------	------------------------

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:			Nacionalidade:		
Data de nacemento:	___ / ___ / _____		Sexo:	Home ☐	Muller ☐
Lugar de nacemento:	☐ Galicia ☐ Outras comunidades de España ☐ Europa ☐ América ☐ África ☐ Asia ☐ Oceanía				
Lugar de residencia:	☐ Cidade ☐ Vila ☐ Aldea				
Tipo de estudos cursados:	☐ Universitarios ☐ Secundarios ☐ Primarios ☐ Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use típex).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.



4



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C4-A-19-2-

Proba A1

Van vir de visita uns amigos seus, apaixonados polas viaxes, tamén pola prehistoria e a xeoloxía.

Pídenlle que lles suxira dúas excursións turísticas relacionadas con estes temas.

Vostede, despois de ver o vídeo *Coñezamos Ortegal e Areoso*, decide propoñerlles estes dous lugares.

Para iso, ha de escribirlles un **correo electrónico** no que, en **400 palabras**, debe:

- Suxerirlles visitar o Cabo Ortegal e o Areoso e explicar as razóns da súa escolla.
- Salientar os aspectos máis interesantes relacionados coas características xeolóxicas do Cabo Ortegal.
- Destacar a importancia do Areoso atendendo ao seu compoñente prehistórico.
- Comparar estas paisaxes con outras similares que vostede coñeza e suxerirlles algunha outra actividade de lecer para completar as visitas.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA

COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

Proba A2

Un familiar seu moi concienciado en temas ambientais está decidido a construír unha casa nun terreo que posúe no campo.

Vostede sabe que está preocupado polos custos enerxéticos, en especial os da calefacción e auga quente.

Así que, despois de ler dous textos sobre a xeotermia, decide escribirlle un **correo electrónico**. Nese texto, en **400 palabras**, vostede deberá:

- Explicarlle que é a enerxía xeotérmica e como funciona.
- Informalo do plan da Xunta de Galicia para fomentar a xeotermia e outras enerxías renovables.
- Sinalarlle as vantaxes da xeotermia fronte a outro tipo de enerxías.
- Convencelo para que opte pola xeotermia e darlle outros consellos para que aforre custos na súa futura vivenda.

TEXTO 1

Fomentar a xeotermia e outras enerxías renovables

A Xunta de Galicia destinará preto de 4,5 millóns de euros ao fomento da xeotermia e outras enerxías renovables en empresas, fogares e Administración pública. Deles, 1,3 millóns destinaranse á implantación no rural galego de 300 equipos de xeotermia, aerotermia e solar térmica que supoñen importantes aforros económicos e levan aparelladas vantaxes ambientais. Os novos equipos de xeotermia e aerotermia acadan aforros económicos de ata o 70 % en comparación con outras fontes de enerxía.

A eficiencia enerxética e o fomento das fontes renovables son dous dos piares de actuación da política enerxética do Goberno galego. Neste contexto, a Consellería de Economía activa unha novidosa liña encamiñada a impulsar as instalacións xeotérmicas na comunidade, e que proporcionará

tamén apoios para o desenvolvemento de proxectos relacionados coa aerotermia e coa solar térmica.

En total, destínanse máis de 1,3 millóns de euros ao fomento destas enerxías renovables en empresas, familias e Administración pública, e mobilízanse preto de 4,5 millóns.

A través deste programa, dirixido ao ámbito rural, as persoas interesadas poderán acceder a axudas para instalar equipos térmicos, co que obterán importantes aforros económicos cun maior compromiso ambiental.

No caso da xeotermia e da aerotermia, os novos equipos permitirán acadar aforros económicos de ata o 70 % en comparación con outras fontes de enerxía, mentres que no da solar térmica, unha instalación de 4 metros cadrados supón un aforro de 250 euros anuais para unha economía familiar.

A convocatoria aspira a incrementar o emprego destas fontes renovables en Galicia, con apoios que oscilan entre o 30 % e o 75 % do custo. No caso concreto da xeotermia, o programa conta cun orzamento dun millón de euros, que supón o inicio do desenvolvemento dun plan específico que busca fomentar o aforro e a eficiencia enerxética co uso dunha enerxía limpa, autóctona e renovable que emprega a calor do subsolo para climatizar vivendas.

Este plan impulsará, ademais, a xeración de emprego no ciclo produtivo asociado ao aproveitamento da xeotermia, dende a captación de enerxía á súa transferencia mediante a instalación de bombas de calor en fogares.

Xunta de Galicia. Consellería de Economía Emprego e Industria.

TEXTO 2

Que é a xeotermia ou enerxía xeotérmica?

Unha das enerxías renovables con máis auxe nestes últimos anos. O seu nome significa “calor da terra”. A diferenza da maioría das renovables, a xeotermia non ten a súa orixe principal na radiación do sol, senón na diferenza de temperatura que existe entre o interior da terra e a súa superficie.

Por tanto, podemos definila como a enerxía almacenada en forma de calor por baixo da superficie da terra. Inclúe a calor almacenada en chans, rocas e augas subterráneas, tamén en lagos ou ríos.

Como se capta a enerxía xeotérmica?

Para aproveitar esa enerxía son precisos sistemas que permitan captala ou cedela como consecuencia da diferenza térmica entre o terreo e un fluído caloportador. Existen varios modos:

Captación xeotérmica horizontal enterrada

Consiste na instalación dunha serie de tubaxes de polietileno, denominadas colectores horizontais, polas que circula auga con glicol (anticonxelante), que é o fluído caloportador. Necesítase que a parcela dispoña dunha superficie ampla para poder realizar o tendido do circuíto a pouca profundidade.

Neste sistema, debido á escasa profundidade á que se enterran as tubaxes (0,6 a 1,5 m), o clima ten especial influencia. O terreo serve de acumulador da enerxía do sol, achegando a enerxía xeotérmica un papel secundario.

Captación xeotérmica vertical con sondas xeotérmicas

No caso de que a superficie dispoñible non sexa suficiente para executar o sistema anterior, se existen canalizacións no subsolo, ou se a demanda enerxética é alta, utilízase o sistema de sondas xeotérmicas (colectores de calor) en posición vertical no interior dunha ou varias perforacións, con profundidades que poden oscilar entre os 25 a 150 metros, e diámetros de perforación de tan só 10 ou 15 cm.

Ten a vantaxe de que ocupa pouco espazo e proporciona unha gran estabilidade das temperaturas.

Captación xeotérmica de lagos ou ríos

Consiste en aproveitar ríos ou lagos que dispoñan de augas termais a unha

temperatura adecuada, introducindo directamente os captadores neles e realizando o intercambio térmico coa auga e non co terreo.

Como se aproveita esa enerxía?

Para iso cómpre un equipo que permita absorber a enerxía captada do foco quente e cedela ao foco frío. Dese modo pódese aproveitar en calefacción, auga quente sanitaria e/ou climatización. Ese equipo denomínase bomba de calor xeotérmica.

Que vantaxe teñen as bombas de calor xeotérmicas?

Proporcionan unha temperatura constante durante todo o ano (a do terreo). O rendemento da bomba de calor non depende das condicións exteriores xa que está a absorber ou ceder enerxía sempre á mesma temperatura.

Unicamente teremos o consumo da bomba que faga circular o fluído caloportador (auga con anticonxelante) e o compresor.

Que aplicacións ten a enerxía xeotérmica?

Sobre todo como sistema de calefacción e de produción de auga quente sanitaria.

Tamén, invertendo o ciclo, pódese absorber no verán calor do interior do edificio e cedelo ao subsolo ou a unha piscina. Con iso, o sistema de chan radiante actuará como sistema de refrixeración da vivenda e podería temperar a auga dunha piscina, se a houber.

Que vantaxes ten a enerxía xeotérmica?

É limpa, ao se tratar dunha renovable. É enerxía continua, a diferenza da solar e a eólica que dependen da radiación do sol ou da forza do vento. As súas emisións de CO₂ son moi inferiores ás do resto de combustibles e os custos de explotación son reducidos.

Que se debe ter en conta?

É necesario realizar un estudo de viabilidade económica do proxecto. O custo inicial pode ser elevado, sobre todo no caso de captación vertical, e os períodos de amortización están entre os cinco ou sete anos.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA

COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións: